



CONCELLO DE BUEU

Expediente	1012/2016
Procedemento	"S/C.S/2016"Contrato de Servicios SERVIZO ALLEO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DO CONCELLO DE BUEU (SPA)
Unidade Xestora	Secretaría
Documento	Anuncio de alcaldía
Trámite	Publicidade de 2ª prorroga contrato do Servizo de Prevención Alleo de riscos laborais do concello de Bueu (SPA)

A Xunta de Goberno Local do Concello de Bueu (XGL), na sesión celebrada o pasado 06 de Maio de 2019, e considerando as atribucións en materia de contratación delegadas na Xunta de Goberno Local mediante Resolución de Alcaldía núm. 583/2015 de 17.06.2015 (BOP núm. 121 de 26.06.2015) e modificada mediante resolución de alcaldía núm. 1196/2018 de 01.10.2018 (BOP núm. 196 do 10.10.2018), a Xunta de Goberno Local, acordou entre outros o seguinte:

".../...PRIMEIRO.- Prorrogar por unha segunda anualidade o contrato administrativo do "SERVIZO ALLEO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DO CONCELLO DE BUEU (SPA)" formalizado en documento administrativo asinado o 15.06.2016 e incorporado ao libro electrónico de contratos do concello en data 14.10.2016 co núm. 2016-0010 (CSV: L6T3KMAE22RXLN7D76SR6PA96) e no que quedou subrogada CUALTIS S.L. en todos os dereitos e obrigas dimanantes do mesmo como consecuencia da fusión por absorción, polo período dunha anualidade contado a partir da data de expiración da 1ª prorroga do contrato (16.06.2019), segundo o establecido na cláusula terceira do contrato, que deriva do establecido na Cláusula II dos PCAP reguladores do contrato de referencia.../..."

O que se publica para xeral coñecemento no Perfil de Contratante do Concello de Bueu e no taboleiro de anuncios electrónico do concello de Bueu (acceso a través da sede electrónica), en aplicación do artigo 63 da LCSP e co obxecto de dar cumprimento ás esixencias de publicidade previstas en materia de contratación pública.

Pode consultar o texto íntegro do acordo referenciado a través da descarga dun certificado do mesmo, mediante a introdución na Sede Electrónica do Concello de Bueu <https://bueu.sedelectronica.gal> do código seguro de validación: 4LFKSCP5E5FWDKL95EP6TMTSK.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE